

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE OUTUBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo de adhesión ao compartimento Facidade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas correspondente ao cuarto trimestre de 2016 creado polo Real decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e de adopción de medidas complementarias.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da celebración do Día europeo contra a trata de persoas

INFORMES

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Informa sobre as previsións de actuacións e prazos para o traslado do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112-Galicia (CIAE 112-GALICIA) e das dependencias da Fundación Pública Urgencias Sanitarias.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Plan de reforzos de firme na rede autonómica de estradas: estado da execución en 2016 e previsións para 2017.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da orde de axudas aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe de execución da Campaña de verán 2016 da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta das principais actuacións desenvolvidas polo Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR durante os anos 2009-2016.

A XUNTA AFORRARÁ 65 MILLÓNS DE EUROS AO BENEFICIARSE DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA COMUNIDADES QUE CUMPREN O DÉFICIT

- *O Consello da Xunta aproba o acordo que completa a adhesión a este fondo*
- *Só beneficia a Galicia e Canarias por ser as únicas que cumpriron o déficit en 2015*
- *Galicia recibe financiamento a custo 0 e sen pagar comisións nin gastos adicionais*
- *En global, a Administración galega poderá acceder neste 2016 a un importe máximo de 1.670 millóns de euros, a meirande parte para amortizacións*
- *Galicia é a comunidade de referencia no control do seu endebedamento e a que menos elevou o seu volume de débeda desde finais de 2008*

A Xunta de Galicia aforrará 65 millóns de euros ao beneficiarse neste 2016 do Fondo de Facilidade Financeira, o mecanismo de financiamento habilitado pola Administración do Estado para aquelas comunidades autónomas que cumpren os obxectivos de déficit. É por isto que este ano só dúas comunidades (Galicia e Canarias) poden adherirse a este fondo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de adhesión ao Fondo de Facilidade Financeira correspondente ao cuarto trimestre de 2016, que completa a adhesión da Xunta de Galicia a este fondo para o conxunto do exercicio.

Galicia pechou o exercicio 2015 cun déficit do 0,68 %, por debaixo do límite do 0,7 % fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para todas as comunidades autónomas. Grazas a cumprir obxectivo de estabilidade orzamentaria, a Xunta pode acceder a un financiamento en condicións moi vantaxosas, xa que recibe este financiamento a custo 0 e sen pagar ningún tipo de comisión nin gastos adicionais.

En global, a Administración galega poderá acceder neste 2016 a un importe máximo de 1.670 millóns de euros, cun tipo de xuro do 0 % ata 2019. O prazo da operación é de dez anos e a meirande parte deste importe destinarase a amortizacións de débeda. Tal como establece a normativa estatal, a Xunta terá dereito en todo momento a amortizar anticipadamente o préstamo e resolver a operación sen ningún tipo de custo adicional.

Galicia cumpre os requisitos

O Ministerio de Facenda exige ás comunidades autónomas dous requisitos principais para poder acceder ao Fondo de Facilidade Financeira, que ofrece unha condicións de financiamento máis vantaxosas que os mercados financeiros. O primeiro requisito é cumprir os obxectivos de déficit e de débeda do ano anterior, algo que Galicia fixo ao pechar 2015 cun déficit do 0,68 %. De feito, Galicia mantense como a comunidade de referencia neste eido e a que menos recorreu ao endebedamento desde finais de 2008.

O segundo requisito é cumprir o prazo máximo de pagamento aos provedores, algo que Galicia tamén está a cumprir con normalidade. Así, o tempo medio de pagamento en Galicia mantense arredor dos 15 días, case un mes menos que a media autonómica.

A XUNTA CENTRALIZA NA ESTRADA A XESTIÓN INTEGRADA DAS EMERXENCIAS NA NOSA COMUNIDADE

- *O traslado do 112 e do 061 fai posible que o mesmo edificio concentre todo o relacionado coas emerxencias, desde a formación ata a xestión das incidencias e a mobilización dos medios, para que o servizo gañe en eficacia e eficiencia*
- *Está previsto que ao longo do ano que vén tanto o 112 Galicia coma o 061 traballen xa desde o novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre as previsións de actuacións e os prazos estipulados para o traslado da Axencia Galega de Emerxencias 112-Galicia e da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia -061, ás novas instalacións situadas na Estrada e adaptadas ás últimas tecnoloxías, que garanten un óptimo funcionamento de ambos os servizos coa máxima eficacia e eficiencia dos recursos.

Segundo o informe hoxe presentado, o traslado será efectivo ao longo do ano que vén, estimándose que o CIAE 112 Galicia se traslade a partir de febreiro, e o 061 a finais de ano, atendendo así á premisa do goberno galego de máxima racionalización do gasto e aproveitamento dos recursos, xa que se optimizan os recursos, a complementariedade, e se aproveitan as sinerxías operativas e funcionais das instalacións e dependencias deste novo Centro de Atención de Emerxencias.

O novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE112-Galicia), da resposta ás necesidades cada vez máis importantes no ámbito da xestión e coordinación das emerxencias froito da constante evolución tecnolóxica, da heteroxeneidade dos ámbitos de actuación, da diversidade de medios que prestan servizos actuantes nas emerxencias, da necesidade de dispor de información de calidade no menor tempo posible.

Así, no concello da Estrada situarase o centro neurálxico das emerxencias de Galicia co próximo traslado do 112 e do 061 ao novo Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, que permitirá que nun só edificio se centralice todo o relacionado coas emerxencias, desde a formación ata a xestión das incidencias e a mobilización dos medios, facendo así que o servizo gañe en eficacia e eficiencia.

O Goberno galego fixo un investimento de máis de 12 millóns de euros neste edificio que conta con cinco plantas e unha superficie de 4.685 metros cadrados, cunhas instalacións modernas, dotadas da última tecnoloxía e das máis punteiras de toda España técnica e operativamente. Conta con sistemas e subministracións tecnolóxicas do máis alto nivel e, ademais, pode aproveitar recursos da Academia Galega de Seguridade Pública coma as aulas de formación xa totalmente equipadas, zonas de residencia, unha parcela pechada con control de accesos, un auditorio para 400

persoas, zonas de servizo e cátering, zonas de aparcamento para máis de 100 vehículos, almacéns e zonas de prácticas.

Plataforma tecnolóxica

O CIAE 112 Galicia contará cunha nova plataforma tecnolóxica de xestión de emerxencias de última xeración, na cal se integran todas as chamadas, composta dun *software* específico de xestión e coordinación de emerxencias e un *hardware* que lle dá soporte físico ao primeiro. Nesta plataforma tecnolóxica intégranse todos os sistemas e subsistemas de telecomunicacións, informática e ofimática posibles.

A nova Plataforma Tecnolóxica do CIAE112 Galicia permitirá a futura integración de organismos ou servizos de atención ás emerxencias baixo o concepto de xestión integrada da emerxencia. O elemento central do novo centro constitúeo a gran sala de operacións presidida por un sistema *videowall* composto por múltiples pantallas de TV LED, que permitirá visualizar o seguimento da incidencia por parte de persoal técnico e os operadores.

O número total de postos previstos na sala operativa, directamente relacionados coa atención das emerxencias é de 130, cada un de eles dotados de sistemas informáticos e de comunicación de última xeración. Conta, pola súa vez, cunha sala de descanso para o persoal plenamente equipada para atender as necesidades de quen, pola propia natureza das súas funcións, debe prestar os seus servizos as 24 h do día, os 365 días do ano.

Ademais disto, como na xestión das emerxencias as comunicacións son un elemento crítico, decidiuse instalar unha nova estación base TETRA no propio edificio CIAE112-Galicia para garantir a cobertura desta rede de comunicacións de emerxencias para os equipamentos e as persoas que se atopan no propio centro ou no seu contorno. Esta estación atópase integrada dentro da rede TETRA da Xunta de Galicia e está totalmente operativa.

A XUNTA EXECUTOU XA MÁIS DO 80 % DO PLAN DE REFORZOS DE FIRME DO ANO 2016, MELLORANDO A SEGURIDADE VIARIA DE 520 QUILÓMETROS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

- *Neste ano, o Goberno galego mobiliza 23,8 millóns de euros na mellora dos firmes de 683 quilómetros da Rede autonómica de estradas*
- *Destaca o especial esforzo por mellorar as condicións dos treitos urbanos, con obras sobre un total de 200 quilómetros en 180 travesías*
- *A Xunta intensificou este ano a súa aposta pola mellora dos firmes co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, a comodidade na condución e procurar aforros futuros para a Administración*
- *Estas actuacións desenvolven o Plan de seguridade viaria 2016-2020, que establece o obxectivo de reducir nun 50 % as vítimas mortais nas estradas con respecto a 2011*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas manterá o esforzo en 2017 co obxectivo de actuar aproximadamente en 700 quilómetros de 85 estradas da rede autonómica mediante un investimento de 20 millóns de euros*

O Goberno galego, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, executou xa máis do 80 % do Plan de reforzos de firmes do ano 2016, mellorando a seguridade viaria en 520 quilómetros de estradas autonómicas. Así consta no informe presentado hoxe no Consello, no cal, ademais do grao de cumprimento dos obxectivos do presente exercicio, se recollen as previsións de actuación para o 2017.

Durante 2016, o investimento do Goberno galego na mellora dos firmes da Rede autonómica de estradas é de 19,5 millóns de euros, aos cales se suman outros 4,3 millóns de euros xa mobilizados en obras de maior envergadura que se prolongarán no ano 2017. En total, lévase a cabo unha mobilización de 23,8 millóns de euros neste ano, co 81% xa executado, dos 638 quilómetros nos cales se preveu actuar.

A Axencia Galega de Infraestruturas manterá o esforzo en 2017 co obxectivo de actuar aproximadamente en 700 quilómetros de 85 estradas da rede autonómica mediante un investimento de 20 millóns de euros, que se prevé executar mediante contratos de maior volume para gañar en eficiencia.

O Goberno galego intensificou este ano a súa aposta pola mellora dos firmes co obxectivo de mellorar a seguridade viaria, incrementar a comodidade na condución e procurar aforros futuros para a Administración, xa que está acreditado que canto máis tempo pasen os firmes deteriorados máis custosa resulta a súa reparación.

O Plan de reforzos de firme forma parte, así mesmo, do Plan de seguridade viaria 2016-2020, aprobado a comezos desde ano polo Goberno galego e que establece un

conxunto de medidas deseñadas para acadar o obxectivo de reducir nun 50 % as vítimas mortais nas estradas con respecto ás rexistradas no ano 2011.

Para a execución do Plan de reforzos de firme no ano 2016, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda realizou un inventario do estado dos firmes das estradas autonómicas que serviu de base para programar as actuacións a comezos do ano pasado, co obxectivo de iniciar a súa contratación a comezos do presente exercicio e executar as obras durante o período de mellores condicións meteorolóxicas.

Dese xeito púxose en marcha un Plan de reforzos de firme con actuacións destacadas cualitativa e cuantitativamente, tanto en travesías como en zonas interurbanas da rede autonómica das catro provincias galegas.


Licitáronse 55 actuacións nas que se buscaba especificamente unha mellora da seguridade viaria a través da mellora do firme, de modo que se actuara en 638 quilómetros de estradas da rede autonómica, por un importe de 23,8 millóns de euros. Destaca o especial esforzo en mellorar as condicións dos treitos urbanos, cun total de 180 travesías que suman preto de 200 quilómetros de lonxitude.

Así, a día de hoxe o 83 % das actuacións, o 74 % do investimento e o 81 % dos quilómetros están practicamente executados. En concreto, están rematadas 23 actuacións, que se corresponden con máis de 50 quilómetros de travesías e case 160 quilómetros de zonas interurbanas, sumando por tanto 210 quilómetros de estradas co seu firme mellorado.

Están en avanzado estado de execución outras 23 actuacións, que rematarán nos vindeiros días, que suman 123 quilómetros de travesías e 188 quilómetros de mellora de treitos interurbanos.

Ademais, nos vindeiros días comezarán 6 actuacións, con 1,8 millóns de euros de investimento que actuarán sobre 22 quilómetros de travesías e 77,5 quilómetros de treitos interurbanos.

Son, polo tanto, 19,5 Millóns de euros de actuacións que se corresponden coa execución do ano 2016, e o restante son actuacións de maior envergadura que superan a anualidade no seu prazo de execución e cuxa parte de firmes se executará no ano 2017, pero que xa foron licitadas e teñen consignado o seu investimento. Son, actuacións como o acondicionamento da estrada Ordes - Cerceda por Mercurín, ou o acondicionamento da LU-124. Treito Lindín - Cruz da Cancela.



Estradas da Rede autónoma en que se actúa co Plan de reforzos de firme 2016

Cómpre destacar, finalmente, que nos proxectos de reforzo de firme en execución neste 2016 aprovéitase para repasar a seguridade da estrada e, en moitos casos, para incluír pequenas melloras que achegan valor engadido ás propias obras. Exemplos disto son a glorieta que se construíu na LU-617 en Monforte, a senda na LU-613 en Portomarín coincidindo co Camiño de Santiago, a instalación dunha varanda na AC-550 en Porto do Son, a execución duns pasos elevados na OU-212 en Avión ou a execución dunha glorieta na PO-552 na entrada do porto de Baiona.

Previsións de actuación en 2017

No ano 2017, seguirase na mesma liña e, para iso, están xa en redacción 22 proxectos de reforzo de firme, que foron contratados ao longo do verán para a súa entrega no último trimestre deste 2016 e poder comezar coa licitación das obras en canto se conte co orzamento da Comunidade Autónoma.

Neste caso, diminúe o número de actuacións con respecto ao pasado exercicio, pero mantense o investimento global ao aumentar o custo de cada proxecto, desde os 500.000 euros que se programaban para cada actuación de 2016 a 750.000 euros por actuación para 2016, coa previsión de investir preto de 20 millóns de euros.

Estas cifras son o resultado tras a avaliación do funcionamento do plan neste 2016, do que se concluíu que é mellor lograr aumentar un pouco a escala dos proxectos, e reducir o número de trámites administrativos que se van realizar, con obxecto de gañar un pouco máis de axilidade.

A lonxitude total sobre a que se vai actuar para o ano 2017 e o número exacto de estradas en que se vai actuar virá determinado por cada proxecto, e estase a definir a súa redacción. Inicialmente, pódese estimar en 85 estradas e arredor de 700 quilómetros da rede autonómica en cuxo firme se vai actuar.

A XUNTA IMPULSA CON PRETO DUN MILLÓN DE EUROS A EXCELENCIA DOS MERCADOS GALEGOS

- *Economía, Emprego e Industria colabora cun total de 31 concellos na realización de melloras e a posta en marcha de novos servizos para os clientes nas prazas e nos espazos onde se desenvolven feiras tradicionais*
- *No marco da iniciativa “Mercados no Camiño” un total de 10 asociacións de praceiros reciben axudas para a creación de lotes de produtos con packaging específico, aproveitando así as sinerxías co turismo*
- *A actuación forma parte do Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020, que destina un total de 20 millóns de euros ata 2020 a impulsar a calidade e a competitividade das prazas de abastos galegas*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de conceder apoios por preto dun millón de euros para impulsar a excelencia das prazas de abastos e mellorar os espazos dos mercados tradicionais galegos, colaborando cun total de 31 concellos e 10 asociacións de praceiros.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, por unha banda, 24 municipios realizarán investimentos en prazas de abastos, avanzando na posta en marcha de novos servizos para os clientes, no acondicionamento da imaxe común, ou en aspectos como a mellora da accesibilidade ou a supresión de barreiras arquitectónicas. Estas actuacións, apoiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, irán acompañadas da realización de iniciativas dirixidas ao *mentoring* comercial para os praceiros, co obxectivo de aumentar a rendibilidade do punto de venda mediante técnicas de visual *merchandising*, a colocación do produto ou a atención ao cliente.

Por outra banda, un total de sete concellos galegos realizarán melloras nos espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes de apertura periódica, referentes na venda dos produtos locais e tradicionais de calidade.

Ademais, 10 asociacións de praceiros reciben axudas para a creación de lotes de produtos con *packaging* específico no marco da iniciativa “Mercados no Camiño”, que busca así aproveitar as sinerxías entre turismo e comercio nas localidades polas que discorren as rutas xacobeas.

A orde de axudas da que hoxe se informou no Consello da Xunta enmárcase no Plan de mercados excelentes de Galicia 2016-2020, que destina un total de 20 millóns de euros ata 2020 a impulsar a calidade e a competitividade das prazas de abastos galegas, a través dun total de 20 actuacións específicas que permiten potenciar estas

infraestruturas comerciais como espazos de emprendemento e de dinamización económica, adaptados aos novos hábitos dos consumidores e vinculados ao territorio.

Entre os obxectivos do Plan fíxase a incorporación á Rede de mercados excelentes de, cando menos, 20 prazas; incrementar nun 15 % a ocupación das prazas, ata superar os 3.300 postos activos; ou aumentar nun 50 % o asociacionismo, chegando ata os 45 mercados con estrutura asociativa.

Co Plan de mercados excelentes dáse un novo pulo á política de apoio a estas infraestruturas impulsada polo Goberno galego que, desde o 2009, leva apoiado investimentos que suman preto de 34 millóns de euros en máis de 80 prazas de abastos de toda Galicia, en colaboración tanto cos concellos como coas asociacións de comerciantes.

MÁIS DE 7.800 MOZOS E MOZAS PARTICIPARON NA CAMPAÑA DE VERÁN 2016 DA XUNTA DE GALICIA

- *Os participantes procedían de Galicia, doutras comunidades autónomas españolas e de distintos países do mundo, e o índice de ocupación de prazas situouse no 90%*
- *A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, investiu preto de 2,5 millóns de euros nesta campaña, o que facilitou a materialización de máis de 900 contratos de traballo para directores e monitores de tempo libre*
- *A de este ano foi a campaña máis inclusiva das desenvoltas ata o momento, xa que rapaces e rapazas cun grao de discapacidade superior ao 33 % puideron participar en condicións de plena igualdade e integración nas distintas actividades que conformaron a programación de campamentos*

Un ano máis Galicia volveu ser un dos principais destinos escollidos por mozos e mozas galegos e de todo o mundo para participar no amplo abano de actividades que conformaron a programación da Campaña de verán 2016 da Xunta de Galicia; un recurso de educación non formal, de conciliación laboral e de xeración de emprego no ámbito do tempo libre de primeiro nivel en todo o Estado. En total, foron 7.867 mozos e mozas os que participaron na oferta de campamentos, intercambios con outras Comunidades, campos de traballo, actividades para maiores de 18 anos e oferta concertada, o que supuxo un grao de ocupación de case un 90 %.

A Consellería de Política Social investiu nesta programación preto de 2,5 millóns de euros do orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, facilitando a materialización de máis de 900 contratos de traballo para directores, monitores e outros perfís no eido do tempo libre que ofreceron unha atención de calidade a todos os participantes, o que contribuíu de maneira esencial ao éxito desta campaña de verán.

Esta iniciativa segue a ser un referente a nivel de todo o Estado, xa que ofrece unha atractiva programación que a converte en destino preferente para os mozos e mozas galegos, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, aos que se facilita un recurso de ocio educativo de primeiro nivel.

Cómpre destacar que a través da oferta concertada, a Dirección Xeral de Xuventude puxo os seus albergues e campamentos á disposición dos concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos para que estas entidades puidesen organizar as súas propias actividades de verán dirixidas á xuventude. Como novidade este ano, as asociacións xuvenís e as entidades

prestadoras de servizos á xuventude contaron cun desconto de ata o 50 % para as actividades de grupos.

Balance de actividades

Os campamentos para nenos e mozos de entre 9 e 17 anos ofertaron 6.205 prazas, nos meses de xullo, agosto e setembro, nun total de 20 albergues e campamentos de toda a xeografía galega. Finalmente, foron empregadas un total de 5.527, o que supón un índice de ocupación do 90 %.

Así mesmo, ofertáronse outras 208 prazas para que os mozos e mozas galegos puidesen participar en campamentos de intercambio con outras comunidades autónomas, concretamente no País Vasco, Castilla y León, Extremadura, La Rioja e Madrid, das cales se cubriron 198, cun grao de ocupación de máis do 95 %.

A duración de cada unha das actividades veu marcada pola idade dos participantes e polas características dos propios campamentos, oscilando entre os oito e os doce días. Os mozos e mozas participaron en actividades de ocio educativo en réxime de manutención en pensión completa e incluíndo o material necesario para as actividades.

A campaña de verán tamén recolle o desenvolvemento de campos de traballo que son actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e os seu contorno a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países. Galicia é unha comunidade de referencia nesta materia, e nesta campaña desenvolvéronse 23 campos de traballo en quedas de 11 a 16 días. Os mozos e mozas galegos dispuxeron finalmente de 505 prazas para participar nestas iniciativas. Delas, 154 foron para Campos noutras comunidades autónomas, 160 para campos en 34 países de Europa, Asia, África e América e 191 para campos en Galicia.

Campaña inclusiva e integradora

A campaña de verán deu un importante paso adiante nos últimos anos, xa que aqueles mozos e mozas con discapacidade recoñecida superior ao 33 % puideron participar en nesta iniciativa da Xunta de Galicia. Deste xeito, un total de 71 mozos e mozas con discapacidade participaron en condicións de plena igualdade e integración nas distintas actividades que conformaron a programación de campamentos, erixíndose a deste ano como a campaña máis inclusiva de todas as desenvoltas ata o momento. A Dirección Xeral contratou un monitor especializado para a atención de cada un dos mozos e mozas con discapacidade que optaron pola quenda de inclusión.

A reserva de prazas no programa de campamentos da campaña de verán permitiu a participación gratuíta de 49 nenos e nenas fillos de vítimas de violencia de xénero e de 100 menores en situación de garda ou tutela.

Así mesmo, o programa Conecta con Galicia, organizado en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, permitiu que un total de 160 mozos e mozas descendentes de galegos e procedentes de Arxentina, Uruguai, Venezuela, Brasil, Cuba, Perú, México, Estados Unidos e Chile convivisen e compartisen experiencias e vivencias con mozas e mozos galegos, percorrendo as etapas do Camiño de Santiago e participando en actividades dirixidas a coñecer o patrimonio histórico cultural. Ademais, coa actividade "O mar de Galicia" desenvolta en Bergondo (A Coruña) realizaron actividades de náutica, de lecer e de coñecemento do medio mariño. Outros 19 descendentes de galegos participaron, tamén en convivencia con 10 voluntarios galegos, no campo de traballo Castromaior, en Portomarín (Lugo).

Coordinación entre departamentos

A Campaña de Verán, un recurso de conciliación estival de primeiro nivel en todo o Estado, é froito do traballo coordinado e da colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia.

Deste xeito, organizouse conxuntamente coa Secretaría Xeral de Emigración o programa Conecta con Galicia; a Consellería de Medio Ambiente colaborou no programa de campos de traballo en parques naturais e xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística levouse a cabo a actividade de dinamización lingüística O galego campá.

Por outra banda, a colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade facilita a participación dos fillos e fillas vítimas de violencia de xénero.

Dentro da propia Consellería de Política Social, colabórase coa Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

O CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR LEVA PARTICIPADO EN PRETO DE 300 PROXECTOS E SERVIZOS DESDE O ANO 2009

- *Estas iniciativas contaron cun financiamento total autonómico, nacional e europeo duns 130 millóns de euros*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da actividade do Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Cetmar dende o 2009*
- *No eido da innovación socioeconómica o centro traballa en proxectos o como Primefish, unha iniciativa mundial que xerará coñecementos para a industria pesqueira e acuícola sobre os resultados económicos nestes eidos e tendencias en produtos, consumidores ou mercados*
- *Na área da innovación tecnolóxica destaca o proxecto Columbus, que busca aproveitar a investigación mariña da Unión Europea, garantindo a utilización dos coñecementos xerados por parte dos usuarios finais*
- *Na parte de innovación ambiental o Cetmar participa en proxectos de valorización dos produtos como o LIFE iSEAS, encamiñado á mellora da aplicación real no sector pesqueiro das solucións innovadoras na xestión e redución dos descartes*
- *Ademais realiza iniciativas de cooperación internacional en países de África e América Latina, fundamentalmente destinadas a apoiar o desenvolvemento da pesca artesanal e a acuicultura rural*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da actividade do Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación Cetmar dende o 2009, un centro que desde ese ano participou en 298 proxectos e servizos que contaron cun financiamento total autonómico, nacional e europeo duns 130 millóns de euros. O informe dá conta das tres liñas de traballo deste centro, relativas á innovación socioeconómica, tecnolóxica e ambiental.

No eido da innovación socioeconómica destaca o proxecto *Primefish*, unha iniciativa mundial na cal participa o Cetmar dentro dun consorcio formado por 14 centros de investigación europeos e dous centros con sede en Canadá e Vietnam. Este proxecto estará en vigor ata febreiro de 2019 e xerará coñecementos para a industria pesqueira e acuícola sobre os resultados económicos nestes eidos e tendencias en produtos, consumidores ou mercados. Unha información que se empregará nunha ferramenta web a través da cal se obterán modelos de simulación e predición que permitirán planificar a produción, prever o éxito de potenciais produtos ou detectar as necesidades de mercado, entre outros aspectos.

Os proxectos enmarcados nesta área buscan xerar resultados directamente aplicables no contexto real. De feito, nela tamén destacan outros actualmente en desenvolvemento como *Mareframe*, que abarca estratexias innovadoras de xestión baseadas na participación do sector, a responsabilidade e a co-xestión. Outro proxecto

é *Climefish*, que busca ferramentas para a xestión de pesquerías multiespecíficas ou a predición do impacto do cambio climático, entre outros aspectos.

Tamén se enmarcan neste eido iniciativas como *Maritime Data* ou *Seabed* para reforzar o labor dos proxectos en campos como a estratexia europea de crecemento azul, a política marítima integrada ou a recollida de datos sobre as dimensións humanas no medio mariño.

O segundo ámbito de traballo do centro é o da innovación tecnolóxica, no cal destacan proxectos actualmente en vigor como *Columbus*, que busca aproveitar a investigación mariña da Unión Europea, garantindo a utilización dos coñecementos xerados por parte dos usuarios finais. Isto facilitará a adopción de novas ideas, resultados de investigación, datos, produtos e servizos por parte da industria, os xestores políticos e outras categorías de usuarios interesados. Outros proxectos que se realizaron nesta área foron o *RAIA*, *RAIAco* e *RAIA.TEC* para o desenvolvemento dun observatorio oceánico constituído por unha infraestrutura transfronteiriza de observación do océano e por unha rede de oceanografía operacional baseada na monitorización e na predición do océano.

Loita contra a contaminación mariña

O terceiro eido de traballo do Cetmar é o da innovación ambiental onde as iniciativas que se desenvolven están principalmente encamiñadas á loita contra a contaminación marítima ambiental, á xestión dos residuos procedentes do mar e á valorización dos subprodutos pesqueiros e xestión de descartes. No punto de loita contra a contaminación destacan proxectos finalizados como *Arcopol*, *Arcopol+* e *Arcopol Platform*, coordinados por Cetmar e desenvolvidos con financiamento do Programa de cooperación transnacional Espazo Atlántico.

A través da cooperación con Francia, Portugal, Reino Unido e Irlanda estas iniciativas proporcionaron resultados que se incorporaron ao Plan territorial de contaminación mariña accidental de Galicia (Camgal). Ademais, *Arcopol Platform* foi recoñecido pola Comisión Europea como mellor proxecto atlántico do 2016 no ámbito do medio mariño e costeiro.

A xestión dos residuos procedentes do mar foi o obxectivo de iniciativas como *Nada pola borda*, *3R-FISH* e *Pescal*. Por outra banda, no eido de valorización dos produtos o Cetmar participa en proxectos como *LIFE iSEAS*, encamiñado á mellora da aplicación real no sector pesqueiro das solucións innovadoras na xestión e redución dos descartes.

Cooperación

Ademais o Cetmar desenvolve iniciativas de cooperación internacional en países de África e América Latina, fundamentalmente destinadas a apoiar o desenvolvemento da pesca artesanal e a acuicultura rural a pequena escala e a impulsar a investigación pesqueira co apoio do Goberno central, autonómico e da Unión Europea. Destaca a cooperación co Goberno de Namibia con iniciativas como o fortalecemento do desenvolvemento da acuicultura rural como ferramenta para o crecemento económico e social deste país africano.

Tamén destaca o proxecto *Marenda*, que está en desenvolvemento e busca apoiar o sector do transporte marítimo nos países atlánticos de África Occidental, mediante o desenvolvemento dun mecanismo para o intercambio de bases de datos de información portuaria, protección do ambiente mariño e actuación en caso de emerxencia.

O Cetmar

O Centro Tecnolóxico do Mar–Fundación Cetmar constituíuse no ano 2001 promovido pola Xunta de Galicia e a Administración central, a través da Secretaría de Estado de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación. Nese mesmo ano foi declarado de interese galego. Ao longo da súa traxectoria o centro colaborou en iniciativas con 67 países.